

## ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, AUXILIOS E SALVAMENTOS DE PERSOAS E BENS E OUTROS ANÁLOGOS.

Nº 35

### I.- FUNDAMENTO E NATUREZA

#### Artigo 1.-

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a *Taxa pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, auxilios e salvamentos de persoas e bens e outros análogos* que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 57 da devandita lei 39/1988.

### II.- FEITO IMPOÑIBLE.-

#### Artigo 2.-

Constitúe o feito imponible deste tributo a realización das seguintes actividades polo servizo municipal de Protección Civil:

- 1.- Prevención e extinción de incendios, realizados con persoal e material do Concello da Estrada.
- 2.- Actuacións en supostos de afundimentos totais ou parciais de edificios ou instalacións, ruínas, derrubes e inundacións, e outros riscos graves e inminentes para persoas e bens.
- 3.- Auxilios e salvamentos de persoas e bens con ocasión dos servizos sinalados nos apartados anteriores ou doutras situacións de perigo.
- 4.- Auxilios e salvamentos de persoas e bens con ocasión de accidentes de tráfico.
- 5.- A presenza de persoal e materiais do servizo en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.

#### Artigo 3.-

Non estará suxeito a esta taxa o servizo de prevención xeral de incendios nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Concello ou en caso de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

Así mesmo, non estará suxeita a esta taxa a prestación do servizo de protección civil cando o organizador da concentración ou espectáculo a que se fai referencia no punto 5 do artigo anterior sexa o propio Concello da Estrada.



### **III.- SERVIZOS OBRIGATORIOS.-**

#### **Artigo 4.-**

Será obrigatoria a prestación dos servizos nos casos de risco grave e inminente, conforme ao disposto na normativa urbanística, de policía e de protección civil e cando o ordenen as autoridades públicas por razóns de seguridade pública.

### **IV.- NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA.-**

#### **Artigo 5.-**

A obriga tributaria xorde da utilización ou prestación dos servizos que constitúen o feito imponible desta taxa, entendendo que estes inicianse para todos os efectos cando saia do parque a dotación correspondente, ben sexa a solicitude dos particulares interesados, ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

### **V.- SUXEITO PASIVO.-**

#### **Artigo 6.-**

Serán contribuíntes deste tributo, respondendo solidariamente, as persoas físicas e xurídicas, nacionais ou estranxeiras, e as entidades a que fai referencia o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que se atopen nalgún dos supostos seguintes:

- a) Os solicitantes do servizo que resulten especialmente beneficiados polo mesmo, sexan alugueiros, posuidores ou ocupantes dos lugares ou bens nos que se produza o risco motivador.
- b) Os donos ou propietarios dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador, cando os informes técnicos amosen que non estaban dotadas das debidas condicións de seguridade para prever ou atenuar o sinistro, agás que este fose causado por culpa ou negligencia dun usuario.
- c) As persoas causantes do risco ou sinistro que, pola súa actuación ou negligencia obriguen á prestación do servizo.

#### **Artigo 7.-**

Terán a consideración de substitutos do contribuínte pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, construción e derrubes, accidentes de tráfico, salvamentos e, en xeral de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

### **VI.- RESPONSABLES.-**

#### **Artigo 8.-**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral no supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## VII.- COTA TRIBUTARIA.-

### Artigo 9.-

1.- A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste, o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

<b>EPÍGRAFES</b>	<b>Tarifas</b>
<b>A.- PERSOAL- hora</b>	<b>Euros/hora</b>
1.- Oficial	9,71
2.- Peón	9,6

<b>B.- VEHÍCULOS /HORA</b>	<b>Euros/hora</b>
1.- Todoterreo	15,00 €
2.- Camión	40,00 €

<b>C.I.- MATERIAL I</b>	<b>Euros/hora</b>
1.- Bomba do camión	25,00 €
2.- Bomba de alta presión	18,00 €
3.- Equipo de excarceración	30,00 €
4.- Bombas de achique	15,00 €
5.- Equipo electrógeno	12,50 €
6.- Turbo bomba	4,20 €
7.- Equipo autónomo	5,30 €
8.- Tramo manguera de 25 mm	1,00 €
9.- Tramo manguera de 45 mm	1,25 €
10.- Tramo manguera de 70 mm	1,50 €
11.- Enlaces e lanzas (unidade)	0,50 €
12.- Xeradores de espuma	4,20 €
13.- Motoserra	4,60 €
14.- Equipo mergullamento	18,50 €
15.- Material de rappel e rescate en altura	17,20 €
16.- Material auxiliar especial (explosímetros, medidores de gases,...)	15,50 €
17.- Outros sen especificar	15,00 €

<b>C.II.- MATERIAL II</b>	<b>Euros/litro- kg</b>
1.- Espumóxeno	5,00 €
2.- Absorbente	5,09 €
3.- Deterxente	4,31 €

<b>C.III.- MATERIAL III</b>	<b>Euros/Extintor</b>
1.- Extintor de po de 1,6 Kg	5,81 €
2.- Extintor de po de 2,5 Kg	6,81 €
3.- Extintor de po de 6 Kg	9,41 €
4.- Extintor de po de 12 Kg	13,02 €
4.- Extintor de CO 2 DE 2 Kg	9,41 €
5.- Extintor de CO 2 DE 3,5 Kg	10,02 €
6.- Extintor de CO 2 DE 5 Kg	13,02 €

<b>D.- APERTURA PORTAS</b>	<b>25,00 €</b>
----------------------------	----------------

2.- Cando a prestación do servizo de protección civil teña lugar fóra do termo municipal, á cota derivada da aplicación dos parámetros anteriores, experimentaráselle un incremento de 0,60 euros por quilómetro percorrido, en ida e volta, dende a saída do vehículo do parque ata o lugar de prestación do servizo.

3.- No caso de que, saíndo o vehículo do parque, o servizo de protección civil non chegase a intervir, cobrarase unicamente o epígrafe relativo ao vehículo, agás os desprazamentos realizados fóra do termo municipal, onde se aplicará ademais o disposto no parágrafo segundo do presente artigo.

4.- Sempre que o risco non estea cuberto por unha entidade ou sociedade aseguradora, será de 0 euros a cota correspondente aos servizos realizados nas vivendas e locais anexos daqueles contribuíntes empadroados no concello de A Estrada compoñentes dunha unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ao salario mínimo interprofesional. Para estes efectos, entenderase por unidade familiar a composta polos pais e fillos menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio familiar, e por ingresos mensuais o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Os ingresos totais da unidade familiar acreditaranse mediante a seguinte documentación:

- A) Copia da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do ano corrente ou do anterior, segundo corresponda. De non estar obrigados a declarar, achegarase a correspondente certificación expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- B) Certificacións dos haberes, pensións ou subsidios que estea a percibir ou teña percibido nos últimos seis meses cada membro da unidade familiar maior de 16 anos, emitidas pola entidade pagadora que corresponda.
- C) A falta doutos datos, teranse en conta as declaracións xuradas dos ingresos percibidos por cada un dos ditos membros.

A aplicación desta cota está condicionada á presentación na oficina liquidadora dos documentos sinalados no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao que o contribuínte sexa requirido para tal efecto.

## VIII.- NORMAS DE XESTIÓN.-

### Artigo 10.-

1.- O persoal do servizo de protección civil estenderá un parte en impreso normalizado, segundo modelo incluído como Anexo á presente ordenanza, no que fará constar:

- Nome e apelido, D.N.I. ou C.I.F. da persoa solicitante do servizo ou beneficiada polo mesmo, así como o seu enderezo e teléfono.
- Motivo da actuación, indicando se esta foi de oficio ou a instancia de parte.
- Hora de saída do parque e hora inicio e finalización da prestación do servizo.
- Número de efectivos persoais e tempo empregado.

- Material empregado na prestación do servizo.
- Vehículo empregado na prestación do servizo.
- Lugar de prestación do servizo, indicado o número de quilómetros percorridos polo servizo.
- No seu caso, entidade ou sociedade aseguradora do risco.
- Calquera outra observación que deba terse en conta para a contificación da taxa.

Cando se trate de apertura de portas, unicamente se indicará o motivo da actuación.

2.- O parte estenderase por triplicado exemplar, remitindo un ao afectado ou beneficiario, outro quedará en poder do persoal de protección civil, e outro remitirase por este último ao servizo de xestión tributaria do Concello da Estrada.

3.- De acordo cos datos facilitados no parte polo servizo de protección civil, o servizo de xestión tributaria do Concello practicará a liquidación que corresponda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento Xeral de Recadación.

4.- O solicitante do servizo ou persoa beneficiada polo mesmo, no seu caso, aportará, a requirimento dos servizos municipais do Concello, copia compulsada da póliza que aseguran os feitos que dan orixe á liquidación pola prestación do servizo, e do recibo acreditativo do pagamento do período no que tiveron lugar os mesmos, indicando nome da entidade ou sociedade aseguradora do risco e o seu C.I.F.

## IX.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.-

Artigo 11.-

En materia de infraccións e sancións tributarias, rexerá o disposto na Lei Xeral Tributaria vixente.

## X.- DISPOSICIÓN DERRADEIRA.-

1.- No non previsto na presente ordenanza, será de aplicación as disposicións contidas na lexislación tributaria aplicable.

2.- A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 26 de abril de 2004.

*Publicación B.O.P.: 15-07-2004*

### **Modificacións realizadas:**

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 17.09.2009	23 11 09



**Concello  
da Estrada**